

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Resultando que, no *expediente de subvención nº 1919/2022* consta Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático publicada no D.O.G. nº 208, do 02/11/2022, pola que se concede a este Concello de Cambados a axuda solicitada por importe de **79.764,30 €** para levar a cabo as obras de **“MELLORA DAS CONDICIÓN DO PUNTO LIMPO”** (*anualidades 2022-2025*) para a **Liña 2. Melloras nos puntos limpos existentes: proxectos de mellora das condicións das instalacións municipais para a recollida separada dos distintos fluxos de residuos, puntos limpos**, ao abeiro da ORDE do 28 de abril de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola **Unión Europea-NextGenerationEU**, e que foi aceptada por Decreto de Alcaldía 2022-1519, de data 03/11/2022.

Resultando que, por Providencia da Alcaldía, de data 27/03/2023, ordenouse a incoación do procedemento de contratación menor das obras de **“MELLORA DAS CONDICIÓN E PECHE PERIMETRAL DO PUNTO LIMPO”**, correspondente a *anualidade 2023*.

Resultando que, con data 11/04/2023, reuniuse a Unidade Técnica de Contratación, co obxecto de proceder á apertura das ofertas económicas presentadas polas empresas ao citado procedemento, estendéndose a Dilixencia que se transcribe parcialmente:

“...DATOS DO CONTRATO:			
Expte. XUNTA: PPLL-043-2022-RES	Expte. Subvención: 1919/2022	Expte. Contratación: 190/2023	
Tipo de contrato: OBRAS			
Obxecto: MELLORA DAS CONDICIÓN E PECHE PERIMETRAL DO PUNTO LIMPO (anualidade 2023)			
Procedemento de contratación: Contrato menor.		Tipo de Tramitación: ordinaria	Duración: 2 MESES
Código CPV: 45000000-7 Traballos de construción			
Prezo estimado do contrato: 19.932,00 €	IVE: 4.185,72 €	Presuposto base de licitación: 24.117,72 €	
Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Retención crédito N.º Operación	Importe retido
1622.63201	2022/0031	2023/EP/001357	24.117,72 €

1º.- SILEX.- REXISTRO DE OFERTAS


Por Providencia da Alcaldía, de data 27/03/2023, iniciouse novamente o expediente de contratación menor das obras de **“MELLORA DAS CONDICIÓN E PECHE PERIMETRAL DO PUNTO LIMPO”** (*anualidade 2023*), na que se indicaba que se deberían solicitar varios orzamentos a contratistas con capacidade de obrar e habilitación profesional, a fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 102.3 da LCSP, no sentido de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato, mediante a correcta estimación do seu importe atendendo aos prezos xerais de mercado.

EMPRESAS INVITADAS:	
1	COVSA. 2023-S-RE-971 - 27/03/2023 15:11
2	RAMÓN BARROS REY. 2023-S-RE-972 - 27/03/2023 15:11
3	CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L. 2023-S-RE-973 - 27/03/2023 15:11
4	CONSTRUCCIONES NELMAR, S.L. 2023-S-RE-974 - 27/03/2023 15:11
5	CONSTRUCCIONES Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L. 2023-S-RE-975 - 27/03/2023 15:11



Seguidamente dáse lectura á certificación expedida polo SILEX, onde se indican as empresas que toman parte na contratación menor das obras de “**MELLORA DAS CONDICIÓN E PECHE PERIMETRAL DO PUNTO LIMPO**” (anualidade 2023):

Número de ofertas presentadas electrónicamente a través de SILEX	1
Empresa	Data de presentación
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES, S.L.	10/04/2023 11:58

A veracidade deste documento pode comprobarse no seguinte enderezo: http://conselleriadefacenda.es/silex	
Código seguro de verificación	 SLEZK90FE7E3C5641508FC628D014474E0E44E2B
Data de emisión do certificado	10/04/2023 14:06

2º.- CRITERIO DE ADJUDICACIÓN.

A continuación transcribese parcialmente a Providencia da Alcaldía, de data 27/03/2023, de inicio do expediente do contrato menor na que se indicaba que:

“... 4. **Acordo do órgano de contratación** de **adxudicación do contrato menor á oferta máis vantaxosa**, aprobando o gasto e solicitando a incorporación da factura unha vez efectuada a prestación, que deberá notificarse por medios electrónicos no prazo máximo de dez días, e publicarse trimestralmente no perfil do contratante...”

3º.- SILEX.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN.

COMPROBACIÓN DA PRESENTACIÓN DA DECLARACIÓN RESPONSABLE ANEXO I. Procédese seguidamente a comprobar no SILEX, a constancia da declaración responsable (ANEXO I) presentada pola empresa:

1	CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES SALNÉS, S.L.	NON CONSTA *
*	A empresa Construcciones y Canalizaciones Salnés, S.L. presenta documento identificado como “carta compromiso” na que indica “... Hemos evaluado cuidadosamente nuestros recursos y presupuesto, y desafortunadamente no somos capaces de ofrecer el precio de contrato que se requiere para esta obra. A pesar de nuestros mejores esfuerzos, no podemos cumplir con los requisitos presupuestarios establecidos...” Queda unido o escrito ao Expte. Contratación 190/2023.	

A Unidade Técnica de Contratación, á vista de todo o actuado, pon de manifesto a ausencia de ofertas económicas no procedemento de contratación, dando conta ao órgano de contratación...”

En virtude do disposto pola Disposición adicional segunda e o artigo 150.3 2º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, esta Alcaldía

RESOLVE:

1º.- Declarar deserta a licitación do contrato menor das obras de “**MELLORA DAS CONDICIÓN E PECHE PERIMETRAL DO PUNTO LIMPO**”, ao non terse presentado ningunha oferta por parte das 5 empresas invitadas ao procedemento.

2º.- Publicar a presente Resolución na páxina web do Concello, de acordo co disposto no artigo 63.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.





3º.- Ordenar o inicio de novo expediente, mediante o procedemento establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En Cambados. Asinado electronicamente.

